

Plano Estratégico da UDC

Obxectivos Xerais

Documento PEUDC_D7



Sumario

- Os Obxectivos Xerais da UDC
 - Os Obxectivos Xerais no Plano Estratéxico da UDC
 - O Proceso de determinación dos Obxectivos Xerais
- O Cadro de Mando
 - Trazos salientables
 - Área de I+D+i
 - Área de Docencia
 - Área de Relacións coa Sociedade



A determinación dos Obxectivos Xerais no Plano Estratéxico da UDC

- Fase 0: Determinación do horizonte temporal
- Fase 1: Formulación da Misión, Visión e Valores e Identificación das Áreas Estratéxicas
 - Áreas: Docencia, I+D+i e Relacións coa Sociedade
- Fase 2: Diagnóstico Estratéxico: Análise do Entorno e do Interior da UDC
- **Fase 3: Determinación dos Obxectivos Xerais para cada Área Estratéxica**
- Fase 4: Determinación de Proxectos
- Fase 5: Implantación e Control




Fase 3: Formulación de Obxectivos para cada Área

ÁREA	Enunciado do obxectivo	Indicadores e medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
	Obx.1	I1.1 I1.2 I1.h	N1.1 – P1.1 N1.2 – P1.2 N1.h – P1.h	Vicerreitoría- dependencia responsable
	Obx.2	I2.1 I2.2 I2.k	N2.1 – P2.1 N2.2 – P2.2 N2.k – P2.k	Vicerreitoría- dependencia responsable
				
	Obx.n	In.1 In.2 In.l	Nn.1 – Pn.1 Nn.2 – Pn.2 Nn.l – Pn.l	Vicerreitoría- dependencia responsable

O Proceso de determinación dos Obxectivos Xerais


- A Comisión de Estratexia elaborou un primeiro borrador do cadro de obxectivos para as tres áreas estratéxicas (I+D+i, Docencia e Relacións coa Sociedade), e remitiuse o borrador aos membros das Comisións delegadas do Consello de Goberno para recoller as súas suxestións.
- As suxestións remitidas polos membros das tres Comisións, e por outros colectivos interesados, incorporáronse a unha nova versión do documento que lles foi remitida.
- A nova versión dos obxectivos discutiuse nas reunións convocadas ao efecto, nas que se elaboraron os documentos PEUDC_6A/B/C.
- Os documentos PEUDC_6* foron remitidos aos Grupos de Debate
 - Cada Grupo de Debate está formado por 12 membros. Integráronse todos os Responsables de Calidade dos Centros e completáronse con representantes de PDI, PAS e alumnos seleccionados de entre os propostos polas Xuntas de Centro na procura de grupos equilibrados e representativos.
- Os membros dos Grupos de Debate discutiron en intensivas sesións as emendas remitidas por escrito e as presentadas nas propias reunións.
- As Comisións delegadas reuníronse para analizar as emendas, formulando unha proposta que se presentou ao pleno do Consello de Goberno, na que se promoveu a incorporación da meirande parte das emendas.
- Na súa sesión do 20 de xullo o Consello de Goberno decidiu sobre a incorporación das emendas, apoiando sen obxeccións a proposta das Comisións.



Cadro de Mando

Trazos salientables

- A elaboración do cadro de mando foi un proceso altamente participativo, en que interviron 7 Comisións que suman 62 membros.
- Produciuse unha notabilísima converxencia entre os puntos de vista expresados, acadándose un documento que é froito do consenso entre todos os participantes.
- Aínda que corresponde á Fase 3 do Plano a determinación dos obxectivos xerais, niveis, prazos e responsables, reservándose a proposta de proxectos e accións ás seguintes fases, o Cadro de Mando supón un notable avance na dirección destas fases posteriores, ao incorporar indicadores cuxa procura remite de forma directa a actuacións concretas.



Cadro de Mando

Área de I+D+i (I)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 1 Incrementar a investigación de calidade	I1.1 Número de proxectos financiados en convocatorias competitivas	Incremento dun 10% anual nas convocatorias autonómicas, estatais e europeas	Vicerreitoría de Investigación
	I1.2 Número de investigadores e persoal investigador en formación financiado en convocatorias oficiais	Incremento dun 10% anual	
	I1.3 Producción científica avaliada segundo o Baremo de P.C.	Incremento global dun 10% anual	
	I1.4 Porcentaxe de profesores doutores	60% do profesorado en 2010	
	I1.5 Número de artigos publicados en xornais de JCR	Incremento dun 10% anual tendendo ao equilibrio entre ámbitos	
	I1.6 Número de editores de xornais do JCR	Incremento dun 10% anual	

Cadro de Mando

Área de I+D+i (II)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 2 Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico	12.1 Número de centros	4 novos centros en 2010	Vicerreitoría de Ferrol e Relacións Universidade Empresa
	12.2 Número de empresas no viveiro da UDC	Duplicar o número en 2009	
Obxectivo 3 Fomentar a relación con outros grupos de investigación	13.1 Intercambios de investigadores visitantes (estancias de 1 mes ou superiores)	Incrementos do 10% anual nos investigadores enviados e nos intercambios globais	Vicerreitoría de Investigación
	13.2 Número de proxectos coordinados	Incremento dun 8% anual	
	13.3 Número de redes nas que participan investigadores da UDC	Incremento dun 8% anual	
	13.4 Número de grupos ou proxectos interdisciplinares	Incremento dun 10 % anual	

Cadro de Mando


Área de I+D+i (III)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 4 Ampliación, mellora e optimización de infraestruturas, equipamentos e SAI	14.1 Elaboración do catálogo de necesidades de gran equipamento, e do catálogo de equipamento dispoñible	Elaboración en 2007	Vicerreitoría de Investigación
	14.2 Elaboración do Plan de mantemento de equipamento	Elaboración en 2007	
Obxectivo 5 Mellora dos procesos de xestión da investigación e de apoio aos investigadores	15.1 Cobertura da RPT do Servizo de Investigación	100% de cobertura en 2007	Vicerreitoría de Investigación
	15.2 Implantación dun apartado de suxestións	Implantación do apartado e contestación das suxestións nun prazo máximo de dous meses, a acadar no curso 2006/07	
	15.3 Número de tarefas de xestión simplificadas	Un 25% das tarefas cada ano (2007-2010)	
	15.4 N° de procedementos que poden realizarse vía web	25% dos procedementos cada ano (2007-2010)	
	15.5 Dispoñibilidade dun manual de funcións	Curso 2007/08	

Cadro de Mando

Área de I+D+i (IV)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 6 Promoción da transferencia dos resultados da investigación á sociedade e do papel da Universidade como axente de desenvolvemento rexional	16.1 Volume de recursos externos captados mediante convenios e contratos	Incremento dun 7 % anual	Vicerreitoría de Ferrol e Relacións Universidade Empresa
	16.2 Patentes concedidas e en explotación	Incremento dun 5 % anual	
	16.3 Elaboración dun programa de certificación de laboratorios	Elaboración en 2007	



Cadro de Mando

Área de Docencia (I)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 1 Potenciación da cultura da calidade e a innovación	I1.1 Porcentaxe de participación nas enquisas dos profesores	Incremento de 3 puntos anuais ata acadar o 60%	Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea
	I1.2 Porcentaxe de participación nas enquisas dos alumnos	Incremento de 3 puntos anuais ata acadar o 30%	
	I1.3 Porcentaxe do PDI que forma parte de grupos de calidade	Incremento de 5 puntos anuais ata acadar o 50%	
	I1.4 Número de Servizos avaliados	100% en 2007	
	I1.5 Número de titulacións con Plano Estratéxico	100% en 2008	
	I1.6 Porcentaxe de titulacións avaliadas	Manter o 100%	
	I1.7 Elaboración do Estatuto do Estudiante	Aprobación no curso 2006/07	

Cadro de Mando

Área de Docencia (II)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 2 Facilitar a transición no proceso de integración no EEES	12.1 Porcentaxe de participación en cursos de formación para PAS	Manter o 100% de cobertura	Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea
	12.2 Porcentaxe de participación en cursos de formación para PDI		
	12.3 Porcentaxe de participación en cursos de formación para estudantes		
	12.4 Nº de prazas ofertadas nos cursos para PAS	Incremento dun 10% anual	
	12.5 Nº de prazas ofertadas nos cursos para PDI		
	12.6 Nº de prazas ofertadas nos cursos para estudantes		
	12.7 Elaboración e implantación do Plano de Formación Continua de PAS	Implantación en 2007	
	12.8 Adaptación de espazos ao EEES	Planeamento no curso 2007/08	
	12.9 Redeseño do tamaño dos grupos		
	12.10 Redefinición da medida da dedicación do profesorado		

Cadro de Mando

Área de Docencia (III)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 3 Desenvolvemento dun mapa de titulacións competitivo	13.1 Peso relativo entre grao e posgrao nas distintas áreas	Procura dun equilibrio entre os pesos relativos nos dous niveis, reequilibrando anualmente as desviacións	Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea
	13.2 Porcentaxe de Programas Oficiais de Posgrao (POPs) acreditados	100%	
	13.3 Cobertura das prazas ofertadas nos Programas Oficiais de Posgrao (POPs)	80% anual	
	13.4 Porcentaxe de POPs interuniversitarios	25% anual	
	13.5 Porcentaxe de POPs internacionais	10% en 2010	
	13.6 Grado de satisfacción dos recen egresados	Acadar un nivel de “aprobado” nas enquisas anuais	

Cadro de Mando

Área de Docencia (IV)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 4 Fomento do uso das TIC no proceso ensino – aprendizaxe	I4.1 Número de materias na Facultade Virtual	Incremento dun 10% anual	Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea
	I4.2 Porcentaxe de alumnos con acceso á Facultade Virtual que a utilizan	Incremento de 5 puntos anuais	
	I4.3 Número de ordenadores a disposición dos estudantes	Incremento dun 12% anual	
	I4.4 Usuarios de Wi-fi	Incremento dun 12% anual	
Obxectivo 5 Captación de alumnado e coordinación con outros niveis educativos	I5.1 Número de estudantes	Mantemento da matrícula	Vicerreitoría de Estudantes
	I5.2 Número de profesores en actividades de coordinación con outros niveis educativos	Implicación de, cando menos, un profesor de cada centro da UDC en 2007, e máis dun nos casos en que a heteroxeneidade das titulación do centro o aconselle	

Cadro de Mando

Área de Docencia (V)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 6 Fomento das prácticas en empresas e institucións	16.1 N° de alumnos que realizan prácticas en empresas e institucións	Incremento dun 10% anual	Vicerreitoría de Ferrol e Relacións Universidade Empresa
	16.2 N° de empresas e institucións nas que os alumnos realizan prácticas	Incremento dun 10% anual	
Obxectivo 7 Axilización e simplificación dos procedementos de xestión	17.1 Enquisas de satisfacción dos usuarios	“Satisfactorio” en 2008 e “Moi satisfactorio” en 2010	Vicerreitoría de Ordenación Académica
	17.2 Tempo de resposta nos procesos básicos para todas as Seccións do Servizo de Organización Académica	Definición dos procesos básicos (2007) e redución dos tempos de resposta nun 33 % (2010)	
	17.3 Disponibilidade dun manual de funcións	Curso 2007/08	
Obxectivo 8 Reforzar o papel da Biblioteca Universitaria para a integración no EEES	18.1 Adecuación da Biblioteca Universitaria como Centro de Recursos para a aprendizaxe e a investigación	Definición do modelo e plano de actuación no cursos 2007/08	Vicerreitoría de Investigación
	18.2 N° de postos multimedia en bibliotecas	Incremento dun 10 % anual	

Cadro de Mando

Área de Relacións coa Sociedade (I)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 1 Facilitar a relación dos Campus cos contornos metropolitanos	I1.1 Usuarios do transporte público comarcal (ferrocarril e autobús)	500 usuarios diarios en 2008	Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental
	I1.2 Estudo de accesibilidade aos distintos campus	Elaboración no curso 2007/08	
	I1.3 Usuarios do transporte urbano público universitario	Incremento dun 5% anual	
	I1.4 Accesibilidade rodada preferente ao Campus universitario (Avda. da Universidade)	2007	
	I1.5 Existencia de accesos peonís ao Campus de Elviña	2007	
	I1.6 Existencia de carril-bici ata o Campus de Elviña	1ª fase en 2007, completado 2008	
Obxectivo 2 Impulso das actividades culturais da UDC	I2.1 Número de participantes en cursos de extensión e obradoiros	Incremento dun 15% anual	Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación
	I2.2 Número de eventos culturais abertos	Incremento dun 15% anual	
	I2.3 Espazos dispoñibles para actividades culturais	Habilitación de 2.000 m ² en 2007 e 1.000 m ² adicionais en 2009	

Cadro de Mando

Área de Relacións coa Sociedade (II)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 3 Potenciación das relacións internacionais	I3.1 Número de alumnos en intercambio internacional	Incremento dun 20% anual	Secretaría Xeral
	I3.2 Número de profesores en intercambio internacional	Incremento dun 15% anual	
	I3.3 Número de alumnos en cursos para estranxeiros	100 alumnos en 2008 e 180 en 2010	
	I3.4 Asistentes a cursos de idiomas	Incremento dun 15% anual	
Obxectivo 4 Incremento das dispoñibilidade o aproveitamento de instalacións deportivas	I4.1 Instalacións polideportivas na Coruña e Ferrol	Construción dun polideportivo en cada Campus a data de 2010	Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación
	I4.2 Número de usuarios de tarxeta deportiva	Incremento dun 10% anual	
	I4.3 Número de participantes en competicións universitarias	Incremento dun 5% anual	

Cadro de Mando

Área de Relacións coa Sociedade (III)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 5 Potenciación da proxección e a imaxe da UDC	15.1 Número de noticias relacionadas coa UDC na prensa galega	Incremento dun 15% anual	Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación
	15.2 Número de Doutorados Honoris Causa e Medallas da UDC	Cando menos un cada dous anos	
	15.3 Accesos externos á Web da UDC	Incremento dun 10% anual	
Obxectivo 6 Normalización da lingua galega	16.1 Número de asistentes a cursos de lingua de especialidade para PDI	Duplicar a asistencia para 2008	Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación
	16.2 Número de asistentes a cursos de lingua oral para PAS	15% do PAS cada ano	
	16.3 Número de alumnos que utilizan o galego en traballos de investigación (proxectos, traballos tutelados, teses...)	Incremento dun 50% anual	

Cadro de Mando

Área de Relacións coa Sociedade (IV)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 7 Adaptación dos Campus da Coruña e Ferrol aos principios do urbanismo sostible e da arquitectura ecolóxica	17.1 Superficie de espazos naturais restaurada	2 Ha. en 2007	Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental
	17.2 Enerxía consumida	Aforro enerxético dun 25% a acadar ata 2008	
	17.3 Cántidade de papel reciclado	Duplicar a cantidade ata 2008	
	17.4 Número de instalacións de xeración ou coxeración de enerxía	Posta en marcha dunha nova instalación anual de 2006 a 2010	
Obxectivo 8 Desenvolvemento do planeamento urbanístico dos Campus da Coruña e Ferrol	18.1 Superficie de solo dispoñible para usos universitarios na Coruña	45.000 m ² antes do 2007 e 350.000 m ² adicionais ata 2010	Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental
	18.2 Superficie de solo dispoñible para usos universitarios en Ferrol	Incrementar nun 25% a superficie dispoñible ata 2008	

Cadro de Mando

Área de Relacións coa Sociedade (V)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 9 Fomento da cultura crítica, solidaria e participativa	19.1 Participación estudiantil nos órganos de representación e goberno	Cobertura de todos os postos de representación de estudantes	Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación
	19.2 Número de actividades organizadas por asociacións de estudantes	Incremento dun 5% anual	
	19.3 N° de colaboradores que participan nos programas de cooperación e participación social	Incremento dun 5% anual	
	19.4 N° de participantes en cursos de formación en cooperación, voluntariado e participación social	Incremento dun 5 % anual	
	19.5 Participación da muller nos órganos de goberno da universidade	Achegarse a porcentaxes de paridade nos órganos colexiados, con desviacións non superiores a 20 puntos entre xéneros (2008)	
	19.6 Porcentaxe de ordenadores en Aulas Net nos que está instalado software libre	Instalación dalgún programa de software libre no 100% dos ordenadores en 2007	
	19.7 Uso de estándares abertos	Que toda a web da UDC os use no 2008	
	19.8 Elaboración dun plano de atención á multiculturalidade	Antes do final do período de vixencia do Plano Estratéxico	

Cadro de Mando

Área de Relacións coa Sociedade (VI)

Enunciado do obxectivo	Indicadores de medida	Nivel a acadar e prazo	Responsable
Obxectivo 10 Realizar unha oferta residencial universitaria na Coruña e Ferrol	I10.1 Número de prazas residenciais universitarias na Coruña	1.000 prazas en 2009	Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental
	I10.2 Número de prazas residenciais universitarias en Ferrol	150 prazas en 2008	

